

## Sen nós, non se move o mundo

Imaxinas un día sen o traballo das mulleres? Cantas empresas de telefonía funcionarían? Imaxinas un hospital sen doutoras, enfermeiras nin celadoras? Ou que non poidas ir traballar porque a coidadora da túa nai está enferma e non pode vir?

Imaxinas a clase sen as túas compañeiras ou sen as túas profesoras?

Imaxinas abrir a neveira e atopala baleira? A comida sen facer ou a roupa sen lavar, pasar a ferro e sen gardar? Imaxinas que non van as avoas buscar os e as netas ao cole? Ou o mercado e calquera outra tenda sen mulleres mercando ou atendendo?

Pois imaxínao: as mulleres somos a metade da poboación e se nós paramos, o mundo para. Non queremos seguir nun mundo que non conta connosco!



## Queres participar?

**Isto nin comeza nin remata o 8 de marzo.** O proceso empeza moito antes do día da folga, facendo reunións, construíndo propostas, tecendo redes, pondo en andamento procesos de contaxio en todos os espazos, en todas as vilas e cidades.

O 8 de marzo pode ser un gran día nesta revolución que está en andamento, a revolución feminista

## Animaste? Agardámoste!

## Máis info en...

**Web:** <http://folgafeminista.org>



# Folga Feminista



# 8 marzo 2018

## Que é a Folga Feminista?

Vimos de lonxe, **temos unha longa historia feminista, e un percorrido de moitos 8 de marzo tomando a rúa**, a praza, a palabra co propósito de subverter a orde do mundo e o discurso heteropatriarcal, racista e neoliberal.

Ao berro de "nin unha menos, querémonos vivas" que lanzaron as feministas arxentinas foi adiante o primeiro paro global de mulleres de traballo produtivo e reprodutivo o 8 de marzo de 2017. Millóns de mulleres de 70 países, desde Arxentina a Polonia, desde Turquía a Estados Unidos, desde Brasil a Italia pasando pola nosa terra, contaxiámonos e ocupamos as rúas para facer visibles os nosos traballos, as nosas demandas e os nosos corpos.

No 2018 **queremos chegar máis lonxe e visualizar** cunha folga máis ampla da de 2017 a nosa forza, a nosa rabia e dor e á vez **a alegría compartida de sabermonos fortes**. Queremos que ninguén poida mirar a outro lado fronte ás nosas propostas e a nosa centralidade no mundo.



Por iso **o movemento feminista convocámonos a unha Folga Feminista**. Unha folga que vai máis máis aló do que se identifica como paro laboral porque a participación das mulleres é nuclear en todas as esferas da vida, e a folga ten que alcanzar tamén outros traballos e espazos: o dos coidados, o consumo, a vida estudantil e asociativa.

### Por que facemos folga?

- **Paramos no traballo** porque xeramos a mesma riqueza que os nosos compañeiros nas mesmas condicións e aínda así cobramos menos que eles. Porque os traballos máis precarios e temporais teñen voz de muller. Porque necesitamos xa unha igualdade salarial.
- **Paramos nos coidados** porque é un traballo invisible que moitas veces se suma ao traballo asalariado. Porque as mulleres que coidan a persoas dependentes ou son amas de casa non computan. Porque as tarefas do fogar son responsabilidade de todos e todas.



- **Paramos na educación** porque moitas mulleres son discriminadas nos seus ámbitos de estudo.
- **Paramos no consumo** porque o sistema capitalista créanos necesidades que nos discriminan, empobrecen e convértennos en obxectos de consumo.
- **Paramos para esixir solucións contra as violencias machistas** que sufrimos a diario e que nos someten a ser persoas de segunda. Reivindicamos o compromiso de toda a sociedade a favor dos dereitos das mulleres.

### E os homes...

Facemos un **chamado a todos os homes aliados e solidarios coa causa da igualdade** a que participen apoiando a Folga nun segundo plano, **exercendo as tarefas do fogar, coidados e outros traballos que normalmente desenvolven as mulleres** da súa contorna; acompañando, sen protagonismos, tamén as accións que se desenvolvan nese día ou á cola nas manifestacións.